


Historia 1º ESO



viaxeitaca.net

TEMA: AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS.

1. XURDIMENTO DAS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS URBANAS.

Recorda:

1.1.. Que implicou a aparición da agricultura e gandería no Neolítico no que respecta á economía e aos asentamentos?

Na economía, pasan de ter unha economía depredadora a unha economía produtiva.

Nos asentamentos, pasan de ser nómades a ser sedentarios, formar grupos humanos máis numerosos: a poboación aumenta e os poboados pasan a ser aldeas, pequenas vilas e, nalgúns casos, verdadeiras cidades.

1.2. Que ocorreu nas beiras dos grandes ríos durante o III milenio a.C. (anos 3000 a 2000 a.C.)?

Desenvolvéronse as chamadas civilizacións fluviais .

1.3. Cales son as chamadas “civilizacións fluviais”? Indica cales son e márcas nos mapas.


- Na India (río Indo e Ganxes)
- China (río Amarelo e río Azul)
- Mesopotamia (ríos Tigris e Éufrates).
- Exipto (río Nilo).



Localiza os ríos Indo e Ganxes.



Localiza o río Azul e o río Amarelo.







Localiza os ríos Tigris e Éufrates.
Localiza o río Nilo.

2. CARACTERÍSTICAS DAS CIVILIZACIÓNS URBANAS

Economía	<p>A base económica destas civilizacións era a agricultura (cereais e hortalizas) e a gandería (ovellas, cabras, cabalos, porcos...).</p> <p>Aproveitaron as augas destes grandes ríos para desenvolver unha agricultura de regadío avanzada, que aumentou a produción de alimento (cereais, hortalizas), ademais de liño e algodón, así como fibras textís.</p> <p style="text-align: right;">Vid. Figura.</p> <p>Practicaron a artesanía e o comercio.</p> <p>A guerra convértese nunha actividade económica máis porque se apoderaban das riquezas dos inimigos.</p>
Sociedade	<p>Fíxose máis complexa e xerarquizada (grupos con diferente categoría social e económica).</p> <p>Aos que xa estaban (agricultores, pescadores, cazadores, pastores...), incorporáronse artesáns (carpinteiros, alfareiros, ferreiros, canteiros, tecedores), comerciantes, militares, funcionarios, sacerdotes ...</p> <p>Formáronse grupos con diferente categoría social e económica:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Privilexiados. Teñen o poder político, económico e social: <ol style="list-style-type: none"> a) Rei e familia real. P. ex. O fararón e a súa familia (en Exipto). b) Altos funcionarios e exército. <ul style="list-style-type: none"> ◦ Os escribas. Chegaron a ser funcionarios moi importantes debido ao seu coñecemento da escritura e do cálculo, necesario para recaudar os impostos. ◦ Funcionarios, que recaudaban impostos. ◦ O exército, apoiaba aos funcionarios na recadación de impostos. 2. Maioría da poboación, que non teñen privilexios e pagan impostos: agricultores, gandeiros, artesáns e comerciantes. 3. Os escravos, basicamente individuos que son propiedade doutra persoa e traballan para ela. Poden chegar a esta situación por ser prisioneiros de guerra, por débedas ou por nacemento (ser fillo de escravo). <p style="text-align: right;">Vid. Figura.</p>
Política	<p>Xorde a figura do “rei”. É un gobernante e un xefe militar, ademais dun deus. Consideran que o rei é unha figura divina, co poder dun deus. (Pensa na figura dun faraón exipcio: un home-rei-deus con poder absoluto).</p>
Carácter urbano	<p>A cidade é o centro político, comercial, administrativo e relixioso. Non é necesario estudar isto: A cidade mesopotámica de Ur chegou a ter 1.200 m. de longo por 800 m. de anchura, con máis de 350.000 habitantes. Vid. Figura.</p>
Escritura	<p>Usan a escritura, polo que entran xa na Historia.</p> <p>A escritura invéntase en Mesopotamia (escritura cuneiforme) e tamén en forma de xeroglíficos en Exipto.</p> <p>O alfabeto fenicio é o antecedente do noso abecedario actual. Vid. Figura.</p>

Interpreta estas imaxes tiradas de viaxeaitaca.net:

<p>Economía (Exipto)</p>	 <p>A agricultura ás beiras do Nilo</p> <p>Imaxes: kalpedia.com e elaboración propia viaxeaitaca.com</p>
<p>Sociedade (Exipto)</p>	 <p>PIRÁMIDE SOCIAL EXIPTO</p> <p>O FARAÓN E A SÚA FAMILIA NOBRES, SACERDOTES, ALTOS FUNCIONARIOS EXÉRCITO ESCRIBAS COMERCIANTES ARTESÁNS CAMPESIÑOS ES CRAVOS</p> <p>A sociedade do Antigo Exipto era unha sociedade xerarquizada na que os grupos teñen diferente grao de poder social, político e económico.</p>
<p>Carácter urbano (Mesopotamia)</p>	 <p>CIDADE MESOPOTÁMICA DE UR</p> <p>CHEGOU A TER 360.000 HABITANTES ARREDOR DO 2.000 A.C.</p>
<p>A escritura</p>	 <p>Escritura cuneiforme sumeria Escriba exipcio Escritura xeroglífica exipcia</p>


3. MESOPOTAMIA.

1. Localización	Mesopotamia situábase na zona de Oriente Próximo comprendida entre os ríos Tigris e Éufrates, o que sería -aproximadamente- o actual Irak. Mesopotamia significa “terra entre ríos”. Esa civilización desenvolveuse ata que os persas conquistaron este territorio.	
2. Etapas Do 3500 a.C. ao 539 a.C.	Cidades- Estado: Sumeria	Como eran? Cidades como Ur eran independentes (moitas veces rivais entre si). Estaban rodeadas de murallas defensivas. Tiñan tamén campos de cultivo e zonas para a gandería. Foron os primeiros en usar a escritura (escritura cuneiforme, en forma de cuña). Vid. imaxe Babilonia.
	Imperios	Algunhas destas cidades-estado chegaron a conquistar e dominar militarmente territorios máis amplos, creando así imperios, por exemplo: Imperio Babilonio. A cidade de Babilonia creou un imperio que foi moi importante en tempos do rei Hammurabi. Este rei unificou todas as leis das cidades mesopotámicas nun só código (o Código de Hammurabi) para evitar que cada un “ tomara a xustiza pola súa man “. Vid. imaxe “Código de Hammurabi”. Imperio Persa. Ciro o Grande conquistou Mesopotamia. Despois, o imperio persa mantívose ata a chegada de Alexandre Magno ¹ no 332 a.C.
3. Relixión	Era politeísta (con varios deuses e deusas). O templo era o centro da cidade. Tiñan no seu recinto sagrado un zigurat (ou montaña de deus), que era unha torre escalonada, con rampas e escalinatas rematadas nun altar e un observatorio astronómico. Vid. imaxe.	
4. Escritura	Foron os primeiros en usar a escritura, neste caso a escritura cuneiforme, en forma de cuña.	
5. Arquitectura	A cultura mesopotámica fixo dúas achegas moi importantes: o arco e a bóveda.	
6. Escultura	Estatuas	Figuras sedentes (sentadas) ou en pé de reis, sacerdotes ou deuses. Touros alados asirios. Vid. imaxes.
	Relevos	Figuras esculpidas sobre unha superficie plana que representan escenas de caza ou guerra. (P.ex (non hai que sabelo): relevos do pazo de Asurbanipal na cidade de Nínive no S VI a.C.), ou mesmo o Código de Hammurabi ou os azulexos esmaltados (como se pode ver na porta de Ishtar en Babilonia). Vid. imaxes.
7. Outras aportacións	O calendario (12 meses lunares de 30 días cun día máis cada 6 anos). Os estudos de astronomía. Outros...	

¹ Alexandre Magno foi rei de [Macedonia](#), [hexemón](#) de [Grecia](#), faraón de [Exipto](#) e [Gran rei de Media e Persia](#).

Interpreta estas imaxes tiradas de de viaxeaitaca.net:

Babilonia




Código de Hammurabi




CIGURAT

Templo mesopotámico en forma de torre ou pirámide escalonada, morada dos deuses






Gudea de Lagash



Touro alado asirio



Baixo-relevo asirio



Porta de Ishtar da cidade mesopotámica de Babilonia e figura animal das súas murallas

4. EXIPTO.

1. Localización: O control do Nilo.	Ao longo do río Nilo vaise desenvolver unha das civilizacións máis avanzadas da antigüidade. Os exipcios controlaron as crecidas do Nilo ² mediante canles que distribuían a auga do río nas terras de cultivo. Foron perfeccionando así unha agricultura de regadío, producindo alimento para unha poboación que foi crescendo.		
2. Etapas	<p>Para resumir, dividimos en:</p> <p>Etapas de esplendor:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Época en que os faraóns mandan construír as grandes pirámides de Keops, Kefrén e Micerinos. • Época de Ramsés II (que reinou durante máis de 60 anos), Amenofis IV e Tutankamón. Vid. Imaxe Tutankamón. <p>Etapas de decadencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exipto é conquistado por outros pobos (como Asiria, Babilonia e os persas). • Alexandre Magno invade Exipto. • Roma invade Exipto na época de Marco Antonio e Cleopatra. 		
3. Relixión + Faraón	<p>Na civilización exipcia, o personaxe máis importante era o faraón porque tiña todo o poder (político, militar, relixioso).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Poder político-militar do faraón. Estaba axudado nas súas tarefas por gobernadores e funcionarios que recaudaban impostos e facían cumprir as leis. • Poder relixioso do faraón: Era considerado “divino”, reencarnación dun deus ou fillo dun deus. <p>A relixión exipcia era unha relixión politeísta³ (como en Mesopotamia). Crían na vida do “Máis alá”: Alí era onde o deus Osiris levaba os corpos incorruptos. Por iso embalsamaban os mortos para convertilos en momias.</p> <p style="text-align: right;">Vid. imaxe “Anubis”.</p>		
4. Escritura	Os exipcios coñecían a escritura (como en Mesopotamia). Representaban as palabras mediante debuxos e símbolos diversos: os xeroglíficos.		
5. Arquitectura	Templos	Enormes, estaban concebidos como a casa dos deuses. Exemplos: Karnak, Luxor e Abu Simbel. Vid. imaxe.	
	Tumbas	Mastabas	Pequenas pirámides truncadas.
		Pirámides	Tumba onde se enterraba ao faraón con numerosos tesouros. Exemplos: Keops, Kefrén e Micerinos.
		Hipoxeos	Tumbas escavadas na rocha. Exemplo: a do faraón Tutankamón.
Vid. imaxes.			
6. Escultura e pintura: A lei da frontalidade.	Escultura	Podemos dividir o corpo en dúas metades iguais (simétricas) seguindo unha liña polo nariz e embigo.	
	Pintura	Representa a cabeza e as pernas de perfil, mentras que o ollo e o tronco están de fronte. Representan esceas da vida cotiá nas paredes de templos e tumbas.	
Vid. imaxes.			

² Desde arredor do 6.000 a.C. (non é necesario saber a data).

³ Ra (deus do sol), Osiris (deus dos mortos), Horus (deus da guerra), Isis (deusa da fertilidade) e moitos máis.

Interpreta estas imaxes tiradas de de viaxeaitaca.net:

Deus exipcio Anubis
Señor da cidade
dos mortos



Faraón Tutankamon



Templos de Karnak, Luxor e Abi Simbel



Busto de Nefertiti



O faraón Mikerinos e a súa esposa




Pintura exipcia



Mastaba



Pirámides de Keops, Kefrén e Micerinos



Hipoxeo do Val dos Reis